

Área Metropolitana de Vigo

MERCADO DE TRABALLO



**Características xerais da
poboación maior de 16 anos**

Paro rexistrado

Ocupacións

Sector empresarial

Anexo estatístico



**Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo**

Área Metropolitana de Vigo

MERCADO DE TRABALLO

Boletín semestral

Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo
Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Vía Hispanidade, 17. C.P. 36203
Tlf: 986 42 33 66
updvigo@maiv.org
www.maiv.org/upd

Equipo redactor:
Fco. Gabriel Quintáns Ríos
Xulio Troitiño Dapena
Sonia Vila Carrizo

Índice

Páxina

ABREVIATURAS E SIGNOS.....	5
FONTES.....	5
CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MAIS ANOS DE IDADE	
■ Actividade.....	6
■ Ocupación.....	7
■ Desemprego.....	8
■ Comparación das cifras de Actividade, Ocupación e Desemprego da AMV coas de Pontevedra e Galicia.....	9
PARO REXISTRADO	
■ Evolución da cifra de paro rexistrado.....	10
■ Comparación da evolución do paro rexistrado da AMV con Pontevedra e Galicia.....	11
■ Distribución do paro por sexo e idade na AMV.....	12
■ Evolución do paro por sexo na AMV.....	13
■ Evolución do paro por sexo e idade.....	14
■ Distribución porcentual do paro por sector económico	15
■ Evolución do paro por sector económico.	16
OCUPACIÓNES	
■ As 10 ocupacións más demandadas segundo sexo....	17
■ As 10 ocupacións más contratadas segundo sexo....	18
■ A contratación segundo a actividade económica e segundo sexo.....	19
SECTOR EMPRESARIAL	
■ Distribución e evolución do número de empresas por sector económico.....	20
■ Número de empresas por volume de empregados....	21

ANEXO ESTATÍSTICO

■ Táboa 1. Taxas de actividade, ocupación e desemprego dos concellos da AMV, ano 2001.....	23
■ Táboa 2. Comparación das cifras de actividade, ocupación e desemprego dos concellos da area con respecto ás globais da AMV, ano 2001.....	24
■ Táboa 3. Evolución da cifra de paro rexistrado.....	25
■ Táboa 4. Porcentaxe de variación da cifra de paro do mes comparada coa do mesmo mes do ano anterior.....	25
■ Táboa 5. Distribución do paro por sexo e idade (nº), decembro 2005.....	26
■ Táboa 6. Distribución do paro por sexo e idade (%), decembro 2005.....	26
■ Táboa 7. Evolución do paro por sexo.....	27
■ Táboa 8. Evolución do paro por sexo, menores de 25 anos.....	28
■ Táboa 9. Evolución do paro por sexo, 25 e máis anos	29
■ Táboa 10. Distribución do paro por sector económico (nº), decembro 2005.....	30
■ Táboa 11. Distribución do paro por sector económico (%), decembro 2005.....	30
■ Táboa 12. Evolución da cifra de paro por sectores económicos.....	31
■ Táboa 13. Porcentaxe de variación da cifra de paro por sector económico do mes comparada coa do mesmo mes do ano anterior.....	32
■ Táboa 14. Número de empresas por sector económico.....	35
■ Táboa 15. Porcentaxe de empresas por sector económico.....	36
■ Táboa 16. Número de empresas por volume de empregados.....	37
■ Táboa 17. Número de autónomos, ano 2003.....	38

■ Táboa 18. Porcentaxe de empresas por volume de empregados.....	39
■ Táboa 19. Número e porcentaxe de autónomos sobre o total de empresas, ano 2003.....	40

Abreviaturas e signos

AMV: Área Metropolitana de Vigo

(Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo).

%: Porcentaxe

Nº: Número

H: Homes

M: Mulleres

T: Total

SISPE: Sistema de información dos servizos públicos de emprego

IAE: Imposto de actividades económicas

Fontes

INE: Instituto Nacional de Estadística

IGE: Instituto Galego de Estatística

SGC: Servizo Galego de Colocación

INEM: Instituto de Empleo. Servicio Público de Empleo Estatal


Observatorio ocupacional. Consellería de Traballo

Os datos estadísticos deste boletín están referidos na súa meirande parte á segunda metade do ano 2005, agás para aquela información na que o último dato publicado era anterior a esta data, na que se optou por ofrecer esa estadística.

No apartado de Ocupacións, non se inclúen datos sobre ocupacións más ofertadas, xa que os últimos datos publicados pola Consellería de Traballo corresponden ao primeiro trimestre de 2005.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS

Actividade



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas 2001. INE

A AMV ten as taxas de actividade más altas que o conxunto da provincia e Galicia.

As taxas de actividade totais e as correspondentes a homes e mulleres do total da AMV son superiores ás da provincia de Pontevedra. Nos tres territorios as taxas de actividade feminina continúan moi por debaixo da masculina.

A **Taxa de actividade** é a porcentaxe do número de persoas activas sobre o total da poboación de 16 ou máis anos. As persoas activas son as que, nun período determinado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están disponibles e fan xestións para incorporarse a dita produción.

Segundo o Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001 do INE, 54,38% das persoas de 16 e máis anos de idade conformaban a poboación activa no conxunto da AMV. Esta taxa está por riba da de Pontevedra (52,69%) e Galicia (50,68%).

Atendendo á taxa de actividade segundo sexo, obsérvase tamén como os valores más altos corresponden ós da área metropolitana. Así, o 66,67% dos homes maiores de 16 anos formaban parte da

poboación activa no 2001, mentres que en Pontevedra esta porcentaxe era do 65,44% e do 62,07% en Galicia. Con respecto as mulleres, cuxos valores están moi por debaixo dos que posúen os homes nos tres espazos analizados, as súas taxas de actividade representaba un 43,49% na AMV, máis de 23 puntos por debaixo dos homes. En Pontevedra a taxa de actividade feminina era do 41,15% e lixeiramente inferior en Galicia, cun valor do 40,33%.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MÁS ANOS

Ocupación



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas 2001. INE

A taxa de ocupación das mulleres está moi por de baixo da dos homes na AMV.

35 de cada 100 mulleres exercía algunha actividade por conta propia ou allea na AMV fronte aos 60 homes nesa situación, no ano 2001. No conxunto de Pontevedra e Galicia a situación era semellante.

A Taxa de ocupación é a porcentaxe do persoas ocupadas sobre o total da poboación de 16 e más anos. As persoas ocupadas son aquelas que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia nalguna das situacions especificadas polo INE.


As taxa de ocupación no ano 2001 da AMV era do 46,66%. A diferenza entre homes e mulleres era de 24,57 puntos a favor dos homes, correspondéndolle ás mulleres un 35,01% de ocupación e un 59,58% aos homes. Os valores comentados para a AMV superaban aos de Pontevedra e Galicia, sendo a comarca autónoma a que tiña as taxas mais baixas dos tres. A taxa total en Pontevedra era do 45,65%, mentres que en Galicia correspondíalle un valor do 44,90%.

No caso da taxa masculina, Pontevedra posuía valores semellantes aos da AMV, con 58,99% mentres que a Galicia correspondíalle unha taxa de 55,90%.

A taxa feminina era moi similar na Provincia e en Galicia, de 33,89% e 33,84%, respectivamente, algo mais de 1 punto por baixo da AMV. Destaca, novamente, a diferenza existente entre a ocupación de homes e mulleres, superando nos tres espazos analizados os 20 puntos.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS

Desemprego



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas 2001. INE

A taxa de desemprego na AMV supera á do conxunto de Galicia.

A taxa de desemprego xeral, e as correspondentes a homes e mulleres superan ás da provincia de Pontevedra e Galicia. A taxa de paro feminina é superior á masculina na AMV e nos outros dous espazos analizados.

A **Taxa de desemprego** é a porcentaxe de desempregados sobre o total de activos. Son desempregados as persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego. Tamén son desempregados os que atoparon un traballo e están a espera de incorporarse a el, sempre que verifiquen as dúas primeiras condicións.

A porcentaxe de persoas desempregadas no ano 2001 na AMV era do 14,19%. No caso galego e pontevedrés as porcentaxes de desemprego para o total da poboación eran do 12,51% e do 13,05%, respectivamente, segundo os datos do Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001.

No caso das mulleres a taxa de paro era de 19,14%, na AMV, 8,51 puntos porcentuais por riba da correspondente aos homes, que representaba o 10,63%.

A taxa de paro feminina na AMV era 3 puntos superior á galega, cuns valores de 19,14% e 16,09% respectivamente. A taxa de desemprego feminina en Pontevedra era do 17,64%.

No que respecta aos homes, as diferenzas entre a AMV, Pontevedra e Galicia son menos significativas, posuindo uns valores do 10,63%, 9,86% e 9,94%, respectivamente.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS

Comparación das cifras de actividade, ocupación e desemprego da AMV coas de Pontevedra e Galicia

O número de persoas activas, ocupadas e desempregadas da AMV supón máis da metade do da provincia de Pontevedra, e praticamente un terzo do de Galicia.

No ano 2001 o número de persoas activas da área metropolitana de Vigo supuñan o 50,83% do total da provincia de Pontevedra e o 17,42% dos de Galicia. Para as persoas ocupadas a porcentaxe foi do 50,35% de Pontevedra e o 17,08% dos de Galicia. E para as persoas desempregadas a porcentaxe acadou o 55,28%, con respecto a Pontevedra, e o 19,76%, no que atinxe a Galicia.

No referente a mulleres e homes, as porcentaxes son moi parellas ás globais pero coa particularidade de que as porcentaxes para o sexo feminino son superiores que para o masculino (agás na comparación das cifras de actividade con Galicia), o que implica unha maior representatividade deste sector da poboación.


COMPARACIÓN DAS CIFRAS DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN
E DESEMPEGO DA AMV COAS DE PONTEVEDRA
E GALICIA, ANO 2001

	AMV/ Pontevedra	AMV/ Galicia
Actividade	Total	50,83%
	Homes	50,10%
	Mulleres	51,88%
Ocupación	Total	50,35%
	Homes	49,67%
	Mulleres	50,94%
Desemprego	Total	55,28%
	Homes	54,03%
	Mulleres	56,29%

Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas
do 2001

PARO REXISTRADO

Evolución da cifra de paro rexistrado



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

Crescemento do paro en decembro do 2005 dun 17,19% con respecto a decembro do 2004.

Os cambios producidos pola introdución do SISPE trouxeron consigo un incremento da cifra de paro rexistrado que durante o semestre foi, como media, dun 18,33%.

Paro rexistrado: total de demandas existentes o último día do mes que se atopan en situación de alta, excluíndo aquelas demandas nas situacíons descritas na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985.

As cifras de paro do semestre comenzaron con 32.283 persoas anotadas nas listas no mes de xullo do 2005, e rematou o período con 32.283 demandantes no mes de decembro do 2005, o que supuxo un crecemento do paro do 8,54%.


A cifra de paro durante todo o semestre foi superior á do mesmo semestre do ano anterior. Esta circunstancia foi debida á implantación do SISPE (Sistema de Información dos Servizos Públicos de emprego) que, aínda que non variou a definición de persoa desempregada, si

revisou os procedementos polo que agora se cruza a información cos rexistros da Seguridade Social, así como tamén se inclúen aos perceptores de determinadas prestacións sociais e á poboación inmigrante.

Durante todo o período o paro rexistrado mostrou unha evolución ascendente, sendo o mes de novembro o mes no que máis aumentou o paro, facéndoo en 1.353 persoas.

PARO REXISTRADO

Comparación da evolución do paro da AMV con Pontevedra e Galicia



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

O crecemento do paro foi menor na AMV que na Provincia de Pontevedra e en Galicia.

Durante o semestre o crecemento do paro na AMV foi do 8,54%, mentres que en Pontevedra e en Galicia foi do 14,5% e do 13,5%, respectivamente.

Para realizar esta comparación tomouse como base o mes de xullo do 2005. Deste xeito a gráfica o que representa é a porcentaxe de variación con respecto ao devandito mes

As cifras de paro tiveron un peor comportamento na AMV durante a primeira metade do semestre, pero, a medida que este foi transcorrendo, a evolución dos datos da área melloraron e situáronse por baixo dos de Pontevedra e Galicia.

Mentres que en Vigo o paro estivo a medrar durante todo o semestre, en Pontevedra e Galicia o período comezou cunha redución das cifras de paro durante


os meses de agosto e setembro, para posteriormente tomar unha senda alcista ata o mes de decembro.

Deste xeito, ao final do período o crecemento do paro na AMV fora do 8,54%, mentres que en Pontevedra e en Galicia foran do 14,5% e 13,5% respectivamente.

PARO REXISTRADO

Distribución do paro por sexo e idade

Distribución do paro por sexo e idade na AMV
Decembro 2005



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

O 57,57% dos parados da área son mulleres de 25 e más anos de idade.

En decembro do 2005 as mulleres de 25 e más anos eran maioría dentro do colectivo de desempregados. Esta porcentaxe estívose reducindo durante o período, pasando de representar o 59,29%, ao inicio do período, ata o 57,57% do mes de decembro.

A distribución do paro por sexo e idade ensina a porcentaxe que sobre o total representa a cifra de paro para os homes ou mulleres, diferenciando entre os menores de 25 anos e os de 25 e más anos. Cada un destes estratos poboacionais conforma un grupo homoxéneo en si e cun comportamento diferenciado.

Na análise da cifra de paro rexistrado diferenciando o sexo e a idade dos demandantes, pódese ver como o grupo máis numeroso constitúeo o das mulleres paradas de 25 ou más anos (57,57%). Tras el, pero a bastante distancia, sitúase o dos homes parados de 25 e más anos (30,27%).


Por detrás destes dous, están as mulleres paradas menores de 25 anos, que supoñen o 6,04% das persoas paradas da AMV, e os homes parados menores de 25 anos, que representan o 5,77% do total.

PARO REXISTRADO

Evolución do paro por sexo

O Mellor comportamento do paro feminino na AMV permitiu reducir a diferenza entre sexos no semestre.

Durante o semestre o paro feminino aumentou un 5,83%, mentres que o masculino facío nun 13,70%, reducíndose así o diferencial entre homes e mulleres en máis dun punto e medio.



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

A cifra de paro feminino estivo por riba da masculina durante todo o período, pero a súa evolución foi un pouco mellor, posto que ao final do período o crecemento das mulleres paradas fora do 5,83%, mentres que a dos homes fora do 13,70%, o que permitiu reducir as diferenzas entre sexos en 1,63 puntos porcentuais.

A pesar disto o volume de mulleres paradas segue a ser moi superior ao dos homes, posto que en decembro do 2005 a porcentaxe que representaban con respecto ao total era do 63,97%.


Para a poboación masculina o desemprego medrou de xeito ininterrompido durante todo o semestre, sendo o novembro o mes no que se produciu un maior incremento das cifras do paro rexistrado.

No caso das mulleres, aínda que ao final tamén houbo un crecemento das cifras de paro, o crecemento non foi continuo, existindo dous meses (setembro e novembro) nos que se baixou no número de desempregadas.

PARO REXISTRADO

Evolución do paro por sexo e idade

Evolución do paro por sexo na AMV, menores 25 anos



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

Os menores de 25 anos foi o colectivo de parados/as que más medrou no semestre.

Durante o semestre o colectivo de parados/as menores de 25 anos medrou nun 12,39%, o que o situou por riba do crecemento do colectivo de parados/as de 25 e más anos.


A nivel de sexos, foron os homes os que tiveron un maior crecemento (15,16% fronte a 10,01%).

O número de mulleres paradas de 25 e más anos é un 90,20% superior ao dos homes de 25 e más anos.

A lo largo do semestre o colectivo de homes parados de 25 e más anos medrou máis que o de mulleres do mesmo grupo de idade (13,42% fronte a un 5,39%).

A pesares disto, o número de mulleres paradas de 25 e más anos segue a ser moi superior ao dos homes, superándoos nun 90,20% en decembro do 2005.

Evolución do paro por sexo na AMV, 25 e más anos




Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

PARO REGISTRADO

Distribución porcentual do paro por sector económico

Distribución porcentual do paro por sectores económicos na AMV
Decembro 2005



Fonte: Informe Mensual do Paro Registrado. SGC

O 55,84% dos parados/as da AMV proveñen do sector servizos.

O sector servizos foi, en decembro do 2005, o que aportou un maior número de parados/as, posto que máis da metade dos desempregados/as da área proveñen deste sector.

Para analizar a distribución do paro rexistrado por sector económico tívose en conta as cifras do mes de decembro de 2005, diferenciando os parados/as que proveñen da agricultura/gandería, da industria, da construcción, dos servizos e os que non tiveron un emprego anterior.

O sector servizos foi o que aportou un maior número de parados/as en decembro de 2005, chegando a acadar os 19.567 e supondo o 55,84% do total de parados/as.

Por detrás del estaba o sector industrial, que acadaba os 6.947 parados/as e representaba o 19,83% da cifra global de paro rexistrado.


As persoas sen emprego anterior conformaban o terceiro grupo en importancia, con 4.840 desempregados/as, representando o 13,81%.

Os parados/as que proviñan das actividades da construcción son o seguinte grupo en importancia, supondo 2.637 persoas e o 7,53%.

Por último, o sector agrogandeiro aporta o 2,99% dos desempregados/as o que comporta unha cifra de 1.048 persoas desempregadas.

PARO REXISTRADO

Evolución do paro por sector económico



O maior crecemento do período experimentárono as persoas desocupadas que proveñen da agricultura e gandería, que o fixeron nun 24,47%.

O colectivo de parados que proveñen do sector agrogandeiro foi o que máis aumentou en termos relativos (24,47%) no semestre, pero a pesares disto continua a ser o sector que menos poboación parada aporta.

A nivel de crecemento relativo, situárónse por detrás os sectores da construcción (12,55%), os servizos (10,19%) e a Industria (8,70%). Mientras que os parados/as sen emprego anterior experimentaron unha baixada nas cifras do paro rexistrado do 2,22%.

PORCENTAXE DE VARIACIÓN DA CIFRA DE PARO DO MES E SECTOR ECONÓMICO CON RESPETO Á DO MESMO MES E SECTOR DO ANO ANTERIOR

Período	Agricultura/ gandería	Industria	Construcción	Servizos	Sen emprego anterior
Xul 05/Xul 04	24,19%	17,96%	12,64%	26,04%	14,48%
Ago 05/Ago 04	23,09%	16,57%	6,89%	24,88%	13,36%
Set 05/Set 04	18,71%	15,10%	6,51%	22,62%	16,42%
Out 05/Out 04	21,01%	16,84%	4,29%	22,57%	1,55%
Nov 05/Nov 04	21,68%	16,24%	3,35%	20,72%	4,55%
Dec 05/Dec 04	15,55%	17,97%	2,57%	21,60%	8,98%

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SGC

Ocupacións*

As 10 ocupacións más demandadas segundo sexo

Ocupacións más demandadas polos homes e mulleres demandantes de emprego da comarca de Vigo. Abril-setembro 2005

Ocupación	Nº	% H	% M	% Total
Dependente/a de comercio, en xeral	6951	8,43%	91,57%	9,17%
Empregado/a administrativo/a, en xeral	4726	20,29%	79,71%	6,24%
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	4060	7,83%	92,17%	5,36%
Peón da ind. manufactureira, en xeral	2888	44,05%	55,95%	3,81%
Cociñeiro/a, en xeral	1325	20,00%	80,00%	1,75%
Operador/a de cadea automatizada montaxe, en xeral	1285	50,43%	49,57%	1,70%
Repoñedor/a de hipermercado	1261	28,31%	71,69%	1,66%
Asistente/a domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	1226	2,37%	97,63%	1,62%
Peón da ind. Metál. E fáb.prod. Metál.	1134	62,35%	37,65%	1,50%
Caixeiro/a de comercio	1122	5,26%	94,74%	1,48%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Observatorio Ocupacional da Consellería de Traballo .

A ocupación máis demandada no semestre analizado foi a de *Dependente/a de comercio* ..., representando o 9,17% das 79.779 demandas realizadas na comarca de Vigo. Se temos en conta o sexo, as mulleres foron as principais demandantes desta ocupación (91,57%), fronte aos homes (8,43%). Séguelle a ocupación de empregado/a administrativo/a (6,24%), contando tamén cunha maior demanda feminina, 79,71%, que masculina, 20,29%. Cun 5,36% de representación, foi demandada a ocupación de Muller/ Mozo de limpeza, limpador en xeral, repetíndose o reparto anterior en relación aos sexos, xa que das 4060 demandas rexistradas, o 92,17% foron feitas por mulleres, e o 7,83% por homes.

Cunha porcentaxe do 3,81%, foi solicitada a ocupación de Peón da industria manufactureira, neste caso o reparto entre sexo é está máis equilibrado, 44,05% demandas feitas por homes e 55,95% por mulleres. O resto das demandas representan porcentaxes entre o 1,75% da ocupación de Cociñeiro/a, e a mais baixa, a de caixeiro/a de comercio (1,48%). En todos os casos a maioría das demandas foron feitas por mulleres, a excepción da ocupación de Peón da ind. Metálica e fabricación de produtos metálicos, onde a maioría das demandas foron feitas por homes.

(*)Os datos de ocupacións refírense á comarca de Vigo que inclúe os concellos de Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Salceda de Caselas, Soutomaior e Vigo.

OCUPACIÓN

As 10 ocupacións máis contratadas segundo sexo

Ocupacións más contratadas segundo sexo
na comarca de Vigo. Abril-setembro 2005

Ocupación	Nº	% H	% M	% Total
Peóns de industrias manufactureiras	36.278	69,27%	30,73%	31,96%
Peóns do transporte e descargadores	15.168	81,34%	18,66%	13,36%
Dependentes/as e exhibidores en tendas, almacéns, quiosquos	13.113	16,77%	83,23%	11,55%
Camareiros/as, barmans e asimilados	12.521	39,30%	60,70%	11,03%
Taquígrafos/as e mecanógrafos/as	9.664	25,24%	74,76%	8,51%
Persoal limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso/)	9.525	16,21%	83,79%	8,39%
Albaneis e canteiros/as	6.173	98,93%	1,07%	5,44%
Representantes de comercio e técnicos de venda	4.059	43,75%	56,25%	3,58%
Cociñeiro/as e outros preparadores de comidas	3.698	31,42%	68,58%	3,26%
Condutores/as de camións	3.322	96,68%	3,32%	2,93%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Observatorio Ocupacional da Consellería de Traballo.

Na comarca viguesa a maioría dos contratos realizados por mulleres pertencen ao sector servizos, fronte aos homes, contratados principalmente en ocupacións encadradas no sector industrial.

Dos 113.521 contratos formalizados no semestre analizado, o 36,96% pertencen á ocupación de *Peón da industria manufactureira*, case o 70% dos beneficiarios foron homes, e pouco mais do 30% mulleres. Moi por debaixo desta ocupación, rexístrase a de *Peón do transporte e descargadores/as*, (13,36%), sendo tamén os homes os que mais contratos formalizaron (81,34%), fronte ás mulleres (18,66%).

As ocupacións de *Dependentes/as e exhibidores...* e a de *Camareiros/as e barmans*, ...posúen porcentaxes en torno ao 11%. As mulleres foron as que mais se beneficiaron dos contratos nestas ocupacións (83,23% e 60,70%, respectivamente).

As demás ocupacións representan porcentaxes de menos do 10%.

OCUPACIÓN

A contratación segundo a actividade económica e segundo o sexo

DISTRIBUCIÓN DAS CONTRATACIÓN SEGUNDO
ACTIVIDADE ECONÓMICA E SEXO NA COMARCA DE VIGO.
ABRIL-SETEMBRO 2005

Sector de actividad	Nº contratos	% H	% M	% Total
Agricultura e pesca	2.046	90,67%	9,33%	2,35%
Industria	10.814	70,59%	29,41%	12,41%
Electricidade	72	77,78%	22,22%	0,08%
Construcción	7.423	94,29%	5,71%	8,52%
Comercio e hostelería	17.287	36,68%	63,32%	19,84%
Transporte e comunicación	9.014	75,71%	24,29%	10,34%
Outros servizos	40.487	46,33%	53,67%	46,46%
Total	87.143	55,62%	44,38%	100,00%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Observatorio Ocupacional da Consellería de traballo.

A porcentaxe de homes que se beneficiaron dalgún contrato entre abril e setembro de 2005 na comarca viguesa supera en mais de 10 puntos ás mulleres. O sector servizos segue a ser o principal receptor dos contratos.

O 46,46% das 87.143 contratacóns rexistradas na comarca de Vigo no semestre de referencia, encádranse dentro do sector de actividade de *Outros servizos*. O reparto destes contratos entre homes e mulleres comportouse dun xeito bastante igualitario, 46,33% e 53,67%, respectivamente. Como no semestre anterior, a *Hostalería* é a seguinte actividade cun maior número de contratos, 19,84%. Este e o anterior sector son os dous únicos onde as mulleres superan aos homes.


A industria rexistrou unha porcentaxe de contratos do 12,41%, un 10,34% o sector do Transporte e un 8,52% o da comunicación. Neste último é onde se observa unha maior distancia entre homes e mulleres, xa que un 94,29% dos contratos os formalizaron homes, fronte a 5,71% das mulleres.

Na *agricultura e pesca*, contabilizáronse 2.046 contratos, que representan unicamente o 2,35%. Por último, a *Electricidade*, contabilizou só 72 contratos (0,08%).

SECTOR EMPRESARIAL

Distribución e evolución do número de empresas por sector económico

Distribución porcentual do número de empresas por sectores económicos na AMV
Ano 2003



Fonte: Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE


O sector *Servizos* acapara o 82,29% das empresas da AMV.

O número de empresas da área situouse en 30.249 no 2003, o que supuxo un crecemento do 4,04% con respecto ao ano anterior. No número de empresas destaca sobre todo o sector *Servizos* (81,16%), seguido pola *Construcción* (10,41%) e a *Industria* (8,42%).

A *Construcción* foi o sector que máis medrou no número de empresas no período 1999-2003.

No período 1999-2003 o crecemento global do número de empresas foi do 13,60%. Por sectores, o número de empresas do sector da *Construcción* medrou un 30%, mentres que o das empresas do sector *Servizos* o facían nun 12,04% e as da *Industria* nun 11,07%.


Evolución do número de empresas por sectores económicos na AMV



Fonte: Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE

SECTOR EMPRESARIAL

Número de empresas por volume de empregados/as*



O 84,41% das sociedades da AMV son Microempresas.

O tamaño medio das empresas da área é bastantes baixo, posto que o 84,41% das mesmas non teñen máis de 6 asalariados/as.

Microempresa: de 0 a 9 asalariados/as. **Pequena empresa:** de 10 a 49 asalariados/as. **Mediana empresa:** de 50 a 249 asalariados/as. **Gran empresa:** máis de 250 asalariados/as.

Considérase asalariada á persoa que participa na actividade económica a cambio dunha remuneración (en metálico ou en especie) ou dunha participación nos beneficios.

(*) Estas cifras só inclúen ás formas xurídicas societarias, excluíndo aos autónomos

No ano 2003 había 30.249 empresas na área metropolitana das que 12.614 eran sociedades. Destas sociedades a maior parte (84,41%) tiña menos de 9 empregados/as e só un 0,21% das mesmas tiñan máis de 250 empregados/as, o que conforma un enramado empresarial dun tamaño reducido.

Por outro lado, a forma xurídica maioritaria das empresas da AMV é a de autónomos/as, constituíndo o 64,80% do empresariado.

NÚMERO E PORCENTAXE DE AUTÓNOMOS/AS SOBRE O TOTAL DE EMPRESAS. ANO 2003

Ano	Nº autónomos	Porcentaxe
2003	19601	64,80%

Fonte: Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE

ANEXO ESTATÍSTICO

TÁBOA 1. TAXAS DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E DESEMPREGO DOS CONCELLOS DA AMV, ANO 2001

	Baiona	Cangas	Fornelos de Montes	Gondomar	Moaña	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo	
Actividade	Total	56,21	53,09	38,18	55,85	55,71	54,07	54,94	50,08	55,71	56,47	54,79	45,49	50,26	54,47
	Homes	68,93	64,72	56,35	70,63	67,08	69,20	70,15	66,00	72,31	68,65	72,31	62,89	63,57	65,83
	Mulleres	44,03	41,83	22,97	41,73	45,15	39,82	40,69	36,71	40,58	45,11	38,54	29,55	38,16	44,43
Ocupación	Total	52,20	46,57	25,67	49,76	47,69	46,45	50,36	36,76	48,35	48,47	49,59	39,26	40,13	46,33
	Homes	65,21	59,12	40,53	65,36	59,88	62,57	65,89	51,70	65,87	61,87	68,28	56,08	55,52	58,23
